

Un libro recién editado percorre a súa biografía de emigrante comprometida

Carmen Cornes, o sorriso dunha nai da Praza de Maio

■ XAN CARBALLA

*Cando se fala cos desaparecidos?
cada vez que os trae o pensamento.
Como se fala aos desaparecidos?
coa emoción apretando por dentro.*

Rubén Blades

Quen non se admiraría despois de coñecer a peripécia vital desta muller, galega e arxentina, emigrante, Nai da Praza de Maio, afrontando sempre a adversidade cun sorriso? Carmen Cornes é a testemuña viva da emigrante que sabe o que deixou ao saír do seu Sisán (Ribadúmia) natal e ingresou con dezaseis anos, alo polo 1928, no xa enorme Bos Aires. Oitenta anos de vida con alegrías e mágoas, traballo continuo e unha dignidade que non houbo ditaduras, exilio ou militares que fosen quen de doblegar.

"Mamá criounos a todos. A min, que era a segunda, a Santiago o maior, que tamén veu para a Arxentina, e aos dous máis pequenos, que quedaron na Galiza. Case sempre sóia, traballando, labrando a terra e coidando á aboa cinco anos que estivo doente na cama. A mamá traballaba arreo. Eu preguntáballe ás veces: "Non estás cansa? Nunca tes sono?" E ela retrucábame, "Filla, o que ten ánsia non durme". Foi unha muller moi loitadora, por iso me deu a min moita forza de vontade. Chamábase Francisca Piñeiro". Quen así fala é Carmen Cornes, que ven de publicar unha *historia de vida*, elaborada pola xornalista arxentina Beatriz López, neta de galegos, e editada por Edicións do Castro co título *Hasta la victoria siempre...*

En case 150 páxinas Carmen Cornes constrúe un fermoso monólogo de lembranzas que tecen a historia de toda a súa xeneración: a vida cotián na aldea e na vila, a viaxe imprescindible para sobrevivir a Arxentina ("foron vinte días de barco. Os vinte días máis felices da miña vida. Os vinte días máis felices despois de tanto traballar"), a instalación en traballos de dezaseis horas sen días libres, a falta de noticias da casa ("botei oito anos sen saber nada da casa por culpa da guerra. Souben da morte de mamá por carta moitas semanas despois de suceder"), a construción dunha nova vida e dunha familia noutra pátria ("Os emigrantes sufrimos moitísimo; nen permiso che daban para ir ao médico. Eu casei no ano 1949 e só tiveron un fillo, pois co esforzo do traballo perdín outros dous"), a desaparición do seu fillo Miguel Angel, o seu ano e medio no cárcere de mulleres sen acusación, o escapar por casualidade da morte dos militares, e o exilio na Galiza, desfilan por este libro.

No Chiado da Mala Real Inglesa

"Embarcamos en Vilagarcía, nunha gameleira, porque o porto non ten calado para barcos tan grandes. O que nos levou foi o Chiado da Mala Real Inglesa. Iamos catro rapazas e como non ía chorar nengunha? Tiñamos que chorar, pero eu non quería. A mamá non me deu nen un bico, quedouse alí... eu véxoa sempre alí de pé, cos brazos caídos, como paralisada. Nesa época non se bicaba. Non é porque non me quixera, que sei que me quería moitísimo, pero daquela non se acostumaba.

"Cando cheguei e vin o porto de Buenos Aires, pensei en dar-me a volta, pero non tiña cartos. Porque en Galicia, aínda que



MUNDO CAL

estabamos mal, tiñamos froita, tiñamos as Rías Baixas, os mariscos que íamos buscar. E a paisaxe. Iso extranábame. Desde a miña aldea íamos camiñado até o mar. Ven Sisán, Castrelo e xa está o mar. Crúzase unha ponte e xa está Cambados. Non hai palabras para explicar o que sinto cando lembro todo aquilo. Pero tes que saír de alí para apreciálo verdadeiramente. Recén cando unha saíu dalle o verdadeiro valor. Pero eu xamais, xamais, puden esquecerme".

Carmen describe con precisión todos os seus traballos na Arxentina, e ao igual que as lembranzas que ten da súa infancia no Salnés, retrata con moita proximidade ao cotián todos os avatares dunha vida de emigración, "pero é triste emigrar. E máis triste emigrar sen sequer coñecer o teu país. Que che preguntan como é o teu país e non saber que dicir. Había galegos que cando lles preguntaban se había mazás na súa terra dicían que non porque non as tiñan nas súas comarcas. Emigrabamos sen saber máis que da nosa aldea".

Morreu para que eu vivira

A metade do libro serve para contar toda a súa vinculación ao movemento de Nais que desde os anos 70 se viña organizando para axudar aos presos políticos. "Sempre eduquei ao Miguel Angel coa idea de que as cousas había que dicilas tal como eran. Sempre soubo en que condicións viñen á Arxentina e como traballei, e dicíame *ti tes que levantar a cabeza, ben alta, e non baixala nunca*. El adorábame e todo o mundo me dicía que herdara a miña forma de ver a vida".

"El non estaba na guerrilla, porque tiña un problema de saúde desde pequeno, pero estaba metido en política desde moi novo, non o mataron por nada. A min metéron-me presa antes do golpe do 76, por ter na casa á nai dunha rapaza que estaba xa

desaparecida. E leváronme presa case dous anos".

"Entereime o día que cumprin sesenta e seis anos, no cárcere de Devoto, de que desapareceran ao Miguel Angel en La Plata. As compañeiras do cárcere fixéran-me unha festa co que deixaran de comer durante uns días, sen eu saber, e prepararan unha pequena obra de teatro. Pensaban que non ía querer a festa pero eu tiña que ser forte. Fixeron a obra no patio... Eu non quero esquecer ese cumpreanos, por máis cumpreanos lindos que teña... Pero este, preparado con tanto cariño por todas aquelas mozas que sempre me dician *Aí, Carmela, viñeches de tan lonxe...* e querían que lles contara de Galicia".

"Meu fillo fíxome crecer así, ás veces penso que era el o que tiña que vivir todo o que a min me sucedeu anos despois no exilio, na loita polos desaparecidos... Pero Miguel Angel morreu para que vivise eu", conclúe Carmen Cornes, que tamén reflexiona co entusiasmo que lle coñecemos en Buenos Aires e nas súas estancias en Galicia "a represión non foi contra unha ideoloxía sóia. De todos os partidos políticos hai desaparecidos: peronistas, socialistas... e os nenos, tiñan ideoloxía? E as nais? Por defender aos seus fillos? Esa xeneración dos 70 non facía o parbo, non andaba na droga. Tiñan conciencia e querían mudar o sistema, porque sempre mandaran os mesmos. A min parecíame que Miguel Angel tiña razón. Eu fun explotada e fun despreciada por ser criada. Pero non fun unha resentida social porque para min unha mandadeira tamén é unha persoa. Cando saibamos respetar a cada un polo que é e non polo que fai, imos poder cambiar o sistema de explotación por un sistema máis social. Por iso apoiaba eu a Miguel Angel. E penso, se iso é o socialismo, así viviríamos mellor. Para min un sistema xusto é onde todos podan vivir dignamente e ter oportunidades". ♦

TRES EN RAIA

A morte da CECA

■ G. LUCA DE TENA

Co traballo de seiscentos mil mineiros, Alemaña producía no ano 1955 cento cincuenta millóns de toneladas de carbón; o ano pasado esta cifra baixou a sesenta e seis millóns. A reconversión das minas deixou só 123.000 empregos e os 153 pozos ficaron en 26.

O último acordo entre industria e goberno reducirá todo este inmenso carbón a 17 pozos e menos de cincuenta millóns de quilos de carbón.

O programa de recorte da industria xermana do carbón queima etapas despois da desaparición do muro. Polonia ven de superar cento noventa millóns de toneladas de produción (o seis por cento do carbón do mundo) e compite á baixa polo mercado alemán coas minas dos países soviéticos, que dan o quince por cento da produción total do planeta.

O paso fundamental para o alumbramento dun bloque económico capitalista que fíxese fronte ao soviético (o Mercado Común, por outro nome) fora a iniciativa de Robert Shuman de conxuntar a produción francesa de carbón e aceiro. O acordo de 1950 ampliárase para constituir a CECA no ano 55, con Italia, Francia, Alemaña e os países do Benelux. Inglaterra ficaba fóra por discrepar do principio de supra-nacionalidade.

Para que se regulaba conxuntamente a competencia mineira? Porque se non había coincidencia entre prezo da caloría e custe marxinal da unidade de produción, o mercado común sería imposible.

De todo este cisco de carbón resulta que Alemaña acaba de zafarse da CECA (ou da súa pantasma, que resulta que era a nai da CE) por un acordo privado con Polonia. Inglaterra, que xa está dentro da CE, intenta abaratar o prezo da enerxía despedindo aos mineiros, pero é tarde demais e xa non son tempos de xogar as paiaxadas trágicas da Thatcher, que tanto lle compracían a Augustito Assia e aos seus amiguetes.

Unha Isabel II pálida e abatida visita apuradamente Alemaña. Un desalmado estrela un par de ovos contra a chaqueta real no momento en que se cumpre o 41 aniversario da CECA. ♦

VOLVER AO REGO

Non hai de que se preocupar. O que pasa é que agora toca a parte baixa do ciclo (segundo as doutrinas conservadoras a cada época boa sucédelle unha má, e así sucesivamente). Ir contra os ciclos da economía, afirman os expertos, é un suicidio.

E os parados, os agricultores, os reconvertidos, os xóvenes e as mulleres en busca do primeiro emprego, os galegos, os irlandeses, a eses cando lles toca o ciclo alto? ♦

